



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA A TRAVÉS DO CENTRO SUPERIOR DE HOSTALERÍA DE GALICIA E O REITOR, O DIRECTOR E OS ACADÉMICOS DA UNIVERSIDADE DE CAMBRIDGE, MEDIANTE OS SEUS DEPARTAMENTOS, A XUNTA EXAMINADORA DA UNIVERSIDADE DE CAMBRIDGE E CAMBRIDGE ENGLISH LANGUAGE ASSESSMENT E O CENTRO BRITÁNICO IDIOMAS SL, AUTHORISED CENTRE ES029, SANTIAGO DE COMPOSTELA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia, a través do Centro Superior de Hostalería de Galicia formalizou co reitor, director e académicos da Universidade de Cambridge, a Xunta Examinadora da Universidade de Cambridge e Cambridge English Language Assessment e o Centro Británico Idiomas S.L. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos a partir da súa sinatura, renovándose automaticamente por períodos similares, salvo notificación en contrario por algunha das partes cunha antelación mínima de 3 meses.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto** regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, Cambridge English Language Assessment e o Centro Británico Idiomas S.L. para a obtención dos seguintes certificados:

- Certificado de Lingua Inglesa KET (Cambridge English Key), equivalente ao Nivel B1 do Marco Común Europeo de Linguas.
- Certificado de Lingua Inglesa PET (Cambridge English Preliminary), equivalente ao Nivel B1 do Marco Común Europeo de Linguas.
- Certificado de Lingua Inglesa FCE (Cambridge English First), equivalente ao Nivel B2 do Marco Común Europeo de Linguas.





- Certificado de Lingua Inglesa CAE (Cambridge English Advanced), equivalente ao Nivel C1 do Marco Común Europeo de Linguas.
- Certificado de Lingua Inglesa CPE (Cambridge English Proficiency), equivalente ao Nivel C2 do Marco Común Europeo de Linguas.
- Certificados de Lingua Inglesa BEC (Business English Certificate), Preliminary (B1), Vantage (B2), Higher (C1).
- Outras certificacións de Cambridge English Language Assessment segundo as necesidades da Axencia Turismo de Galicia-CSHG.

As tres institucións colaborarán estreita e continuamente a fin de dotar a esta actividade dun alto nivel de calidade.

Que existe **converxencia de intereses** entre as institucións asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

I.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo. Para lograr esta finalidade a axencia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Así mesmo, a Axencia Turismo de Galicia a través da Área do CSHG desenvolve a docencia e a investigación conforme as exixencias metodolóxicas e substantivas propias de toda institución do ámbito universitario.





Deste xeito, a Axencia Turismo de Galicia, apoia as iniciativas conducentes á formación dos alumnos para a súa dedicación profesional aos distintos sectores do ámbito turístico.

II.- A Axencia Turismo de Galicia reconece as certificacións de Cambridge English Language Assessment como válidas en todas as circunstancias onde hai un requirimento interno, referíndose dito requirimento á certificación dun nivel de inglés suficiente para demostrar unha competencia lingüística segundo o Marco Común Europeo de Linguas.

III.- O Cambridge English Language Assessment, a través do seu centro examinador ES029, porá a disposición do CSHG apoio didáctico e material publicitario para a preparación dos exames arriba indicados e, a través do seu servizo permanente de seminarios profesionais, porá a disposición do CSHG, seminarios sobre como preparar os exames de Cambridge, os cales se organizarán en conxunto co Centro Examinador ES029.

IV.- O CSHG porá a disposición do Centro examinador ES029 de Cambridge English Language Assessment os locais necesarios nas súas propias instalacións, en condicións establecidas en acordo previo específico de uso de ditas instalacións.

Que os **intereses converxentes** das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Mª Elena Barca Ramos

